

RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

1. Aqueles membros da Corporación que desenrolen as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán as seguintes retribucións brutas, sen prexuízo de ser indemnizados polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo.

- O Alcalde - Presidente recibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade establecida pola Deputación Provincial da Coruña como Deputado Provincial de Promoción Económica e Emprego.

- Concelleiro/a responsable das áreas de Política Social; Ensino; Cultura; Desenvolvemento Económico, Réxime Interno e Persoal recibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de 1.705,00 € cada unha.

A percepción das retribucións correspondentes ao réxime de dedicación exclusiva é incompatible con calquera outra remuneración con cargo os orzamentos das administracións públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

- O Concelleiro/a responsable das áreas de Deportes; Actividades Extraescolares e Música recibirá como retribución, en réxime de dedicación parcial, catorce mensualidades de 650,00 € cada unha.

Exclúense destes importes os trienios aos que no seu caso teñan dereito por atoparse en situación de servizos especiais.

2. Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo Alcalde ou por outros órganos competentes serán indemnizadas polo importe do billete ou pasaxe utilizado previa a presentación dos correspondentes xustificantes. A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular será de 0,19 euros por quilómetro recorrido

3. Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

4. No que se refire a indemnizacións, os membros de la Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e das Comisións de que formen parte, as seguintes cantidades :

- 100 € por Pleno ou Xunta de Goberno.

- 75 € por Comisión

En caso de que nun mesmo día se celebren dúas ou máis sesións ,só se recoñecerá a obriga ó pago do importe correspondente a unha única sesión , a de maior importe. No obstante si estas tivesen lugar en horario de mañá e máis en horario de tarde , recoñecerase a obriga de pago por cada unha das sesións.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e Comisións, polos membros da corporación, por parte da secretaría do Concello emitirase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas.

Brión, 25 de xaneiro de 2016

O alcalde. José Luis García García